

Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MARÍN

### Ordenanzas e Regulamentos

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO EN HORARIO LIMITADO*

#### *ANUNCIO*

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO DE MARÍN*

O Pleno do Concello de Marín, en sesión ordinaria celebrada o día 10 de decembro de 2020, previa desestimación das alegacións presentadas no período de información pública, aprobou definitivamente a Ordenanza reguladora do estacionamento de horario limitado de Marín, procedéndose á publicación íntegra da referida modificación, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

#### **ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO**

#### *PREAMBULO*

A escaseza de solo dispoñible con destino a aparcamento e o aumento do parque automobilístico da Vila de Marín nos últimos anos, poñen de manifesto a necesidade de regular o servizo público municipal de estacionamento de vehículos na vía pública e de adaptar a correspondente Ordenanza reguladora ás necesidades actuais de mobilidade, co fin de conseguir a satisfacción do interese público mediante unha distribución racional e equitativa dos estacionamentos entre todos os usuarios e para proporcionar aos cidadáns un maior benestar e unha mellor calidade de vida.

En consecuencia, e de conformidade co disposto nos artigos 4.1.a) e 25.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como en virtude das facultades que confire aos Concellos o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, dítase a presente Ordenanza.

Todo iso vén a xustificar a adecuación da norma aos principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumprindo con iso a obrigación das Administracións Públicas de actuar de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: LKLR8ZLTWDNTUWZ



Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247

## *ARTIGO 1.—Obxecto e ámbito de aplicación*

### *Artigo 1.1.- Obxecto.*

Esta Ordenanza ten por obxecto o establecemento de medidas de estacionamento de horario limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todas as persoas usuarias coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas.

### *Artigo 1.2.- Ámbito de aplicación.*

O ámbito de aplicación da Ordenanza estenderase a aquelas vías ou tramos das mesmas que se relacionan de seguido, que conforman a denominada “Zona de Estacionamento de Horario Limitado”, durante o seu horario de funcionamento:

- Tramo da Avda. de Ourense dende o paso de peóns fronte ó parque infantil [Museo], ata a Praza de España: 33 prazas.
- Tramo Avda. de Ourense dende o paso de peóns do parque infantil ata rúa da Estrada: 11 prazas.
- Tramo da rúa Exercito e Marina, zona do peirao de carga do mercado (11 prazas) + continuidade ata o monolito da Liberación: 11 prazas.
- Tramo da rúa da Ponte, dende a zona de carga e descarga fronte á fonte, ata o seu cruce coa rúa do Sol: 6 prazas.
- Tramo da rúa Concepción Arenal, dende o seu cruce coa rúa Jaime Janer ata o seu cruce coa rúa A Roda: 5 prazas + carga e descarga.
- Tramo da rúa Concepción Arenal, fronte ao grupo escolar, ata a seu cruce coa rúa Méndez Nuñez: 9 prazas.
- Tramo da rúa Jaime Janer, dende o seu cruce coa rúa Concepción Arenal ata o seu cruce coa rúa Busto de abajo: 5 prazas + carga e descarga.
- Tramo da rúa Ezequiel Massoni, zona de estacionamento da marxe dereita de baixada desde a Praza da Constitución ata o cruce da rúa Concepción Arenal sen contar o espazo ocupado polos contenedores: 6 prazas.
- Tramo Avda. de Ourense dende o número 90 ata o número 96: 6 Prazas + 2 prazas de carga e descarga.

## *ARTIGO 2.—Conceptos previos*

1.—A “Zona de Estacionamento de Horario Limitado” comprende a superficie do termo municipal sinalada no epígrafe anterior e o seu réxime de estacionamento queda sometido ás normas desta Ordenanza.

2.—Dentro da Zona de Estacionamento de Horario Limitado e durante o seu funcionamento, non hai libre aparcamento, senón que todos os espazos están suxeitos ao réxime de estacionamento limitado, salvo que estea reservado, regulado ou prohibido expresamente; neste caso estarán sometidos ao réxime xeral de prohibición.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal/LKLR8ZLTWDNTUWZ>



Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247

### *ARTIGO 3.—Competencias.*

Corresponde ao Pleno a fixación e modificación do perímetro da “Zona de Estacionamento de Horario Limitado”.

A Alcaldía, previo informe da Xefatura da Policía Local, poderá suspender temporalmente a utilización de ditas zonas de estacionamento limitado para a realización de tarefas de limpeza de rúas, competicións deportivas ou outros motivos que así o aconsellen, sen necesidade de suxeitarse aos trámites correspondentes á modificación de ordenanzas.

### *ARTIGO 4.—Sinalización da Zona de Estacionamento de Horario Limitado*

Co obxecto de facilitar ás persoas usuarias o coñecemento inequívoco de estar estacionado nunha praza obxecto de limitación e control, a “Zona de Estacionamento Horario Limitado” será debidamente sinalizada coa oportuna sinalización vertical e horizontal.

No que respecta á sinalización vertical da Zona de Estacionamento de Horario Limitado:

a) Todas as entradas e saídas estarán indicadas mediante sinais verticais e específicas de comezo e fin da Zona de Estacionamento de Horario Limitado.

b) O formato dos sinais verticais mencionados no apartado anterior será o establecido no Anexo da presente Ordenanza, onde se fará constar, entre outros, que o tempo máximo de aparcamiento será de dúas (2) horas.

En canto á sinalización horizontal, os espazos estarán delimitados mediante liñas descontinuas de cor azul.

### *ARTIGO 5.—Horario e datas de estacionamento na Zona de Estacionamento de Horario Limitado.*

O tempo máximo permitido de estacionamento na Zona de Estacionamento de Horario Limitado será de dúas (2) horas.

Considerarase que un vehículo se desprazou da zona na que estaba estacionado aos efectos de contabilizar dúas novas horas de estacionamento en zona de horario limitado cando este se desprace a outro tramo de rúa ou avenida das que se catalogaron no artigo 1.2 desta ordenanza.

O horario de limitación do estacionamento comprenderá de 8.00 a 20.00 horas (os sábados de 8.00 a 14:00 horas). Agás os domingos, festivos e a tarde dos sábados, que non haberá limitación.

No tramo horario de 14:00 a 16:00 horas suspenderase o estacionamento regulado nas Zona de Estacionamento de Horario Limitado.

Este intervalo horario de dúas (2) horas, non se terá en conta para o cómputo do período máximo permitido de estacionamento dun vehículo en Zona de Estacionamento de Horario Limitado.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: LKLR8ZLTWDNTUWZ



Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247

Fora do horario de funcionamento, todos os espazos de estacionamento consideraranse de uso libre.

*ARTIGO 6.—Estacionamentos non permitidos na Zona de Estacionamento de Horario Limitado.*

Non poderán estacionar na Zona de Estacionamento de Horario Limitado os seguintes vehículos:

- a) Os vehículos de PMA superior a 3.500 kg, salvo autorización expresa.
- b) Os vehículos que realicen operacións de carga e descarga, salvo que teñan a oportuna autorización da Policía Local.
- c) Os vehículos incursos en calquera das causas de inmovilización recollidas na Ordenanza de Circulación, o cal será causa suficiente para o seu traslado ó depósito municipal de vehículos.

*ARTIGO 7.—Vehículos exentos de limitación na Zona de Estacionamento de Horario Limitado.*

Están excluídos da limitación do tempo de estacionamento na Zona de Estacionamento de Horario Limitado, os seguintes vehículos:

1.—Os vehículos que dispoñan de título habilitante especial outorgado polo Concello, en atencións a circunstancias tales como: servizos asistenciais, servizos de emerxencia, seguridade ciadá e outros. Estes deberán mostrar a súa autorización no salpicadeiro interior do vehículo, en zona visible para o axente da autoridade.

2.—Aqueles vehículos que tiveran licenza municipal para actividades específicas de ocupación de vía pública (aparatos elevadores, guindastres, vehículos de mudanzas, etc.).

3.—Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á Defensa Nacional ou á Seguridade Cidadá.

4.—Vehículos industriais que estean facendo operacións de carga e descarga durante tempo limitado, previa autorización da Policía Local.

5.— Ambulancias e vehículos de servizos de urxencia, cando estean cumplindo tales servizos.

6.— Todos aqueles que teña permitido o seu estacionamentos nestas zonas, mediante autorización expresa da Policía Local.

7.— Os vehículos destinados ao transporte de persoas de mobilidade reducida, nos que se exhiba a autorización especial correspondente, sempre que se estea transportando á persoa titular da dita autorización.



Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247

## *ARTIGO 8.—Infraccións e sancións.*

As accións ou omisións contrarias a esta ordenanza terán a consideracións de infraccións administrativas e serán sancionadas conforme ao previsto no Título V do Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Viaria, ou norma que por aprobación posterior, o substitúa.

As infraccións ao disposto na presente Ordenanza terán a consideración de infracción á normativa vixente en materia de Tráfico e Seguridade Viaria.

As infraccións clasíficanse en leves e graves.

### *Artigo 8.1.—Infraccións leves*

Terán a consideración de infraccións leves á presente Ordenanza, as seguintes:

- a) Sobrepassar en non máis de 60 minutos o tempo máximo de estacionamento permitido na Zona de Estacionamento de Horario Limitado, sen dispoñer de título habilitante.
- b) Estacionar en Zona de Estacionamento de Horario Limitado fóra do perímetro sinalado na calzada como praza de aparcamento.
- c) Estacionar sucesivamente na mesma rúa unha vez finalizado o período máximo de estacionamento.

### *Artigo 8.2.—Infraccións graves*

Terán a consideración de infraccións graves á presente Ordenanza, as seguintes:

- a) Sobrepassar en máis de 60 minutos o tempo máximo permitido de estacionamento en Zona de Estacionamento de Horario Limitado, sen dispoñer de título habilitante.
- b) Estacionar un vehículo non autorizado nos lugares habilitados como Zona de Estacionamiento de Horario Limitado.
- c) Estacionar en Zona de Estacionamento de Horario Limitado calquera dos vehículos que o teñen expresamente prohibido nesta Ordenanza.

## *ARTIGO 9.—Sancións.*

As infraccións leves serán sancionadas con multa de 100 euros; as graves con multa de 200 euros.

## *ARTIGO 10.—Procedemento Sancionador.*

As infraccións cometidas contra esta ordenanza sancionaranse pola Alcaldía-Presidencia, a proposta da persoa instrutora que designe a Alcadesa no expediente contraditorio, segundo o procedemento previsto no texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a



Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247

Motor e Seguridade Viaria, aprobado por Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, e no Regulamento do procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, ou normativa posterior que a substitúa.

### *DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza será obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra, sen prexuízo da súa publicación na páxina web municipal, entrando en vigor unha vez transcorrese o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

### **ANEXO**

#### 1 - MODELO DE SINALIZACIÓN VERTICAL:



Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:

<https://sede.depo.gal>


Código seguro de verificación: LKLR8ZLTWDNTUWZ



Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247

## 2.- TRAMOS DE VÍAS QUE CONFORMAN A ZONA DE ESTACIONAMENTO EN HORARIO LIMITADO:



TRAMO: AV. OURENSE (dende parque infantil) A PLAZA DE ESPAÑA - 33 PRAZAS

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:  
<https://sede.depo.gal/LKLR8ZLTWDNTU5WZ>



Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247



TRAMO: AV. OURENSE (dende parque infantil) A RUA DA ESTRADA – 11 PRAZAS

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:


<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: LKLR8ZLTWDNTU5WZ



Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247



TRAMO: RUA EXERCITO E MARINA, ZONA PEIRAO - 11 PRAZAS

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:


<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: LKLR8ZLTWDNTU8WZ



Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247



TRAMO: RUA EXERCITO E MARINA, ZONA MONOLITO DA LIBERACIÓN- 11 PRAZAS


Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:  
<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: LKLR8ZLTWDNTUWZ



Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247



TRAMO: RUA DA PONTE (dende a fonte)– RUA DO SOL - 6 PRAZAS

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:


<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: LKLR8ZLTWDNTU8WZ



Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247



TRAMO: RUA CONCEPCIÓN ARENAL DE CRUCE JAIME JANER A RUA DA RODA -  
5 PRAZAS + CARGA E DESCARGA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:


<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: LKLR8ZLTWDNTUWZ



Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247



TRAMO: RUA CONCEPCIÓN ARENAL(fronte ao grupo escolar ) A RUA MENDEZ NUÑEZ -


9 PRAZAS

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: LKLR8ZLTWDNTUWZ



Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247



TRAMO: RUA JAIME JAMER A RUA BUSTO DE ABAIXO - 5 PRAZAS + CARGA E DESCARGA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: LKLR8ZLTWDNTU8WZ



Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247



TRAMO: RUA EZEQUIEL MASSONI ENTRE CONCEPCIÓN ARENAL E BUSTO DE ABAIXO - 6 PRAZAS + ZONA CONTENEDORES


Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:  
<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: LKLR8ZLTWDNTU8WZ



Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247




TRAMO: RUA AV. DE OURENSE ENTRE OS NÚMEROS 90 A 96 -  
6 PRAZAS + CARGA E DESCARGA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: LKLR8ZLTWDNTUWZ



Mércores, 23 de decembro de 2020

Núm. 247



TRAMO: RUA EXERCITO E MARINA, ZONA MONOLITO DA LIBERACIÓN - 11 PRAZAS"

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: LKLR8ZLTWDNTU8WZ

